Montevideo, nadal 23 de 1,980

Siñor Don:
Luís Tobío
Nonetero, 5
MADRID.-(España)

Benquerido Tobío:

No seu tempo recibín a sua afeutuosa carta de 27 de outubre ppdo., e os dous exemprares da sua traducción dos "Sonetos a Orféu", como eisí tamén o seu saudo pra "Sempre en Galicia".- Por todo elo moitas gracias, sobor todo pola sua amical dedicatoria.- Canabal supoño xa lle terá acusado recibo o exemprar que me mandóu pra íl.-

Non lle contestéi denantes por que estiven doente internado no sanatorio da "Casa de Galicia", unha fístula operada en Xunio e que aínda non tiña cedido, houbo necesidade de outra pequena intervención quirúrxica que, dispóis, compricóuse con un probrema prostático, felizmente superado sin operación.- Xa me sinto como novo, "xoven" e con azos pra seguir na loita pola vida.....

Antonte o noso pobo decidéuse pola autonomía, non con moitas ansias.- Elo e moi lamentabel, pois si o estatuto votado ten inperfeciós, penso que sempre habrá tempo pra reformalo é que elo e millor xa tendoo aprobeado que non correr o risco de outros cinco anos máis pra unha nova votación.- Saíu, i elo, a quenes vimos loitando por conquerir pra Galicia unha autonomía que a libere da sangría da emigración e dunha economía dirixida dende Madrid, siñifica un trunfo a pesares da indefrencia amostrada na votación.- Que sexa pra ben, e a xeñeración vindeira reciba de nós unha Galicia farturenta en todolos órdenes.-

Fago enteirado do pasamento de Alonso Ríos e do benquerido amigo Prada.- Ista perdeda doeume moito, sobor todo a de Prada, á quen estiven cinguido en amistade e galeguidade por máis de medio sécula.- Entros documentos importantes sobor de Galicia que deixóu atopouse os orixinaes de "Sempre en Galicia", cunha dispósición de que "foran pro museu ou biblioteca que en Galicia se destiñe a recordar a memoria de Castelao".- O fillo, que foi quen me informóu, díme tamén que lle escribéu a un curmán que ten en Galicia, o inxeneiro Lama Prada, pra que falase cos amigos do pai -Piñeiro, García Sabell, Paz Andrade etc. -, pra que estudien ou dispoñan dende depositalos pois dí que a íl, que radica en Chile dende fai moitos anos, faiselle difícil gardalos coa seguridade que esixe un documento de tanta importancia e trascendencia.-

O seu saudo pra "Sempre en Galicia" xa foi dado a conocemento dos nosós ouvintes.- Espero que, cando teña vagar, nos recorde con outro traballo.-

Boas festas de Nadal e ventureiro ano 1,981 pra sua dona cos meus afeutuosos saudos é pra vosté con unha agarimosa aperta do seu decote amigo,

[firma]

Sra María del Carmen: Como le informó Manolo le habíamos hablado a sus primos. Hoy íbamos a hacer lo mismo para darles noticias de ellos, pero se adelantó y fué él que lo hizo, están bien y nos reiteró que luego de estos días de calor le gustaría que fuéramos a su casa para ver las fotos de sus viajes. Nos han dicho simpáticos y con gusto iremos a verlos. Espero que estén bien de salud y que pasen estas fiestas con felicidad y que el 81 sea de dicha. Saludos para su esposo e hijos y para Ud. un abrazo de Estela